

"Introdución á Ecoloxía Humana. Máis alá do cambio climático"



Impartido polo docente:

- Salvador Fojón Polanco

Descrición:

O cambio climático antropoxénico e a consecuencia última do comportamento ecolóxico da humanidade. Anticipemos que só unha visión planetaria, unha perspectiva científica e un estudo rigoroso poden poñernos sobre a pista das súas verdadeiras proporcións.

Partiremos da evolución da nosa especie. Analizaremos as súas características biolóxicas, o que chamamos Hominización. A expansión da especie é imprescindible para entender a súa interacción co medio ambiente. O Neolítico marca o comezo da repercusión ecolóxica de H. sapiens e o posterior desenvolvemento histórico e industrial magnifica o proceso dun xeito exponencial.

Falaremos de forma clara da natureza do problema. Aínda que é preciso afrontar tódalas súas vertentes: física, química, biolóxica, xeolóxica y cronolóxica faremolo dun xeito sinxelo e a modo.

Plantexaremos solucións que terán que ser científicas, viables, éticas e programables, deixando aberta a porta a esperanza

Obxectivos:

- Exposición das causas, mecanismos e consecuencias do quecemento global insertado dentro do contexto da influencia ecolóxica da nosa especie.
- Exposición das causas, consecuencias e proporcións do problema e da inminente repercusión ecolóxica e social.
- Afrontamento de solucións viables, científicas e éticas. Necesidade de superación da industria baseada na combustión e da preservación da biodiversidade.

Metodoloxía:

A estrutura das exposicións baséanse no desenvolvemento dos temas, dun xeito claro, que non esixa coñecementos previos e adecuando o ritmo e a profundidade á dinámica do grupo e das sesións. Faremos con cada tema un diálogo fluído para avanzar na lóxica argumental deixando os pasos previos claros. Trataremos de distinguir feitos de suposicións. Plantexaremos as solucións dentro de un contexto viable pero sen eludir compromisos co noso plantexamento científico e ético.

Contidos:

1. Sinopses da evolución da nosa especie e as súas características fundamentais
2. A expansión xeográfica como característica do xénero e a modificación do medio como consecuencia necesaria
3. Bases físicas, químicas, biolóxicas e xeolóxicas das perturbacións ecolóxicas provocadas pola nosa especie
4. A hipótese “Gaia” como integradora do equilibrio planetario
5. A repercusión atmosférica da acumulación de gases de efecto invernadoiro
6. A biodiversidade como peza esencial da maquinaria
7. Outras consecuencias Oceánicas, xeolóxicas, sociolóxicas
8. Afrontando o problema: perspectivas e solucións

Calendario e horario

Catro sesións de dúas horas (**de 17 a 19 horas**), os **días 5, 12 e 26 de marzo e 9 de abril de 2026**, nas instalacións da **Universidade Sénior** en Normal (Paseo de Ronda, 47) da Coruña .

Inscripción e matrícula

As prazas son limitadas e serán asignadas por rigorosa orde de inscrición. A inscrición só poderá realizarse mediante formulario electrónico, **do 13 de febreiro ao 1 de marzo de 2026**, a través da páxina web: www.udc.gal/senior. Máis información: **Secretaría da Universidade Sénior** (Tlf. 881014507 – secretaria.senior.coruna@udc.es)